

Manifestación Unitaria na Coruña contra o desmantelamento do sector público e os recortes.



O vindeiro luns está convocada unha nova **Manifestación Unitaria** contra o desmantelamento do sector público e contra as agresións do goberno a todos os traballadores e traballadoras.

A gravidade da situación fai precisa unha forte resposta da clase obreira ante os ataques de que está sendo obxecto por parte do capital e o goberno: baixada de salarios, perda de dereitos e condicións laborais, aumento do desemprego, subida de impostos, recortes nos dereitos e os servizos sociais, ...

Por tal motivo, a **CGT da Coruña** fai un chamado a toda a clase traballadora a secundar e participar activamente en tódalas mobilizacións que están a ser convocadas de xeito unitario por todas as organizacións sindicais e, de xeito destacado, na **Manifestación Unitaria** que terá lugar o vindeiro **luns, 30 de xullo**, con saída dende a Praza de Pontevedra, ás **19:30 horas**.